

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 13 de xaneiro de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 13/01/2021
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 13/01/2021

Ábrese a sesión ás 13 horas e 30 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se trata o único punto na orde do día:

1 Nomeamento do coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o segundo cuadrimestre do curso 2020/2021.

A Presidenta da a benvida ás persoas asistentes, desexándolles un feliz ano tanto a nivel profesional como persoal.

En relación ao contido da orde do día, e que xustifica a convocatoria da sesión extraordinaria, lembra que na última Xunta de Escola, celebrada en decembro, informou sobre o cesamento de David Patiño como Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos do centro e o nomeamento de Francisco Deive para ocupar o devandito cargo no seu lugar. Sinala que David Patiño tamén asumía a función de Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía e que a idea é que a persoa que o substitúe asuma tamén estas funcións. Por este motivo, tráese a esta comisión a proposta de nomeamento de Francisco Deive como Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Apróbase o nomeamento por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a trece de xaneiro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 13/01/2021

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 13 de xaneiro de 2021, ás 13:30 h en única convocatoria.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratará o seguinte punto na orde do día:

- Nomeamento do coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o segundo cuadrimestre do curso 2020/2021.

Vigo, 11 de xaneiro de 2021

O Secretario

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** *acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 13/01/2021

Asistentes á Comisión Permanente do 13 de xaneiro de 2021
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
PROFESORADO
Pedro Arias Sánchez
Pablo Eguía Oller
Elena González Rodríguez
Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia Alfonso Mandado Vázquez.